

# Cen anos do manifesto Máis Alá

**XULIO VALCÁRCEL**  
xuliolv@gmail.com



O texto, inzado de radicalidade e fervor patriótico, non carece de graza e talento expresivo

En xuño de 1922 o poeta Manuel Antonio e o pintor Álvaro Cebreiro publicaron un chamamento á mocidade galega: o famoso Máis Alá. “Compre romper a marcha pola mesma estrada que fagamos c’os nosos pasos e afrontar en ela unha pelegrinaxe sen chegada, porque en cada relanzo d’o camiño agardamos unha voz que nos berra: Máis Alá”, rematan os autores, cunha linguaxe críptica na que cabe calquera interpretación. Porén, o manifesto no seu conxunto, non deixa lugar a dúbidas: “Nós tencionamos tan só facer unha protesta forte, densa e implacábel contra os vellos”, aclarando axiña que os “vellos non son os que escribiron fai oitos anos –aqueles son os devanceiros. Os vellos son os que escriben hoxe como si vivisen n-o antonte d’os séculos”.

Aínda que expresado con inxenua torpeza, o fondo conceptual da proclama diríxese contra a “atrofia da sensibilidade” e contra unha concepción inmobilista, ecoica, ruralista e anacrónica da arte. Con arrogante suficiencia xuvenil e coa agresividade característi-

ca de quen se sente frustrado, afirman: “Nós non admiramos a ninguén nin nos coidamos inferiores a ninguén”. A denuncia dos asinantes non exclúe nomes propios, pronunciándose contra o “noxento ruralismo de Losada” e a “vulgaridade de Lamas e os mestres maiores”. Mais tampouco os mestres maiores se libran dos seus drásticos xuízos, cualificando de “valdeirez verbalista de importación madrileña” os poemas de Curros, de “falso romantismo algunhas páxinas de Rosalía e “estreito xeito o de Pondal”. Secomasí, as pullas máis afiadas resérvanas para Valle-Inclán, ao que se dirixen directamente: “Mestre: Chamamoslle maestre por ser vostede o maestro d’a Xuventude imbécil de Galicia”. A don Ramón María atribúenlle unha intensa campaña castelanizante, lamentando, ironicamente, que a raíz do chamamento que eles fan, algún escritor deserte “da lingua de Cervantes para vir a valdeirar na nosa Fala as producións d’o seu serrín encefálico. Madri precisavos para persoaxes d’a súa opeleta”, din.

## Diglosia

Asemade, os redactores renegan do comportamento diglósico dos autores bilingües que “arrecadan o galego cada vez que queren dicir unha estupidez moi grande, reservando o castelán

para cando coidan (eles) que están en razón”. Apostando, en fin, por “unha fala que non estea pervertida por académicos nin por puristas, verdugos armados da gramática”.

O Manifesto, máis voluntarista que rigoroso, incorre, na lectura actual, en xuízos politicamente incorrectos cando lembra a importancia da arte nos “rexurdimentos raciaes”, cando amosa receos contra prantos e elexías “que fixeron coidar os alleos que somos un pobo de mulleres” ou cando, sen ningunha base, se pronuncian a prol

dunha “futura República Galega” que cen anos despois semella tan serodia como daquela.

Redactado por Manuel Antonio, con algunhas achegas de Álvaro Cebreiro e Antón Vilar Ponte, “Máis Alá” foi celebrado por Castelao, cuestionado por Vicente Risco e respondido por Euxenio Montes en varios artigos na revista La Zarpa, calificándoo de “surtidor de bermellas fosforescencias”, “incitador da anarquía e, sobre todo, apoñéndolle que non ofrece ningunha alternativa: “Onde está o seu arte novo?”.



Ilustración de Gosia Trebacz

## libros Recomendados



### O DEBER DO LUME MAURIZIO POLSINELLI

MEDULIA EDITORIAL, A CORUÑA, 2022, 80 PÁXINAS.

Un dos libros máis especiais que se veñen de publicar na colección de poesía en Medulia. Trátase dun poeta alófono que, nado en Roma, non só se expresa nun galego delicioso, senón que é quen de transmitilo nos seus poemas.



### BIBLOS VARIOS AUTORES

EDITA BILBLOS, 2022, 24 PÁXINAS.


No último número amósanse as últimas novidades literarias e musicais tanto en galego como en portugués. Destacamos a entrevista a Alberto Ramos, gañador do último Premio Repsol de Narrativa, coa súa obra ‘Os corpos dos Romanov’.



### BEN SABE O MAR QUE POSÚO O BOTÍN DAS PIRATAS - LUZ CAMPELLO

EDITORIAL GALAXIA, VIGO 2022, 92 PÁXINAS.

Poemario de denuncia e resiliencia que transita no tempo e no devalar das mareas até desfragmentar as feridas e acadar o botín. Versos como lampos de dor e de esperanza que fan deste volume unha aposta pola poesía como compromiso.



### LORE ALEXANDRA BRACKEN

PUCK EDITORIAL, 2021, 544 PÁXINAS.

Novela de corte actual que nos invita a coñecer o mundo da cultura grega coa particularidade da súa ambientación en Nova York. Combina fantasía nun relato no que non falta acción nin trama romántica.